

A palabra dentro da cor a palabra que transita desde o máis remoto do hourizonte a nós, palabras reveladoras de todo aquilo que é idioma nomeábel polo noso
estas palabras chegadas do soño

Co nel descubrimos as palabras no intre mesmo anterior ao seu nacer para o seu soño criador

desperta ao dicer no intre mesmo no que as cores acordan nas carballeiras

ollando o mundo desde a súa fiestra trasalbesa de peitoril de pedra, a súa pupila adolescente dibuxou no ar azul rosado o silencio e o son posuidor da revelación anterior da palabra, das palabras increadas

A árbore como lugar onde o noso existir sucede e así sucede
a sombra que ven do fogo
As palabras prometeicas que atravesan os espellos
e así orixinados nos catro puntos cardinais

povoou os ollos seus de azuis e violetas
e nos [] do horizonte insculpiu belidos nomes todos pretéritos de nós

Falounos, falamos, da inocencia gris dos penedos, dos ríos fillos do neboeiro,
con luminoso son vestiu os granitos

Que belamente sorprendidos cada un leva consigo o soño e lembranza dun hourizonte terrestre
vestir roupas de argazo, tinguirse coas cores do milleiral cun falar insomne a terra latexa, a chuva dibuxa
todas as feridas en terra de pan, a historia fica acrujolada no cuarzo.
Habitou alí onde a xeografía posuí as palabras corporeizándoas equidistante do home e da natureza.
Deu ás palabras inasíbel vida e as palabras enxendran-se en nós multiplicándonos

nun tempo no que se nos falsifica o pasado, no que se nos minte o presente e se nos resigna o futuro,
aletargar e así perder a capacidade de indignación ante a inxusticia.

Coa súa escrita incide en nos secuestrándonos do inmediato tómanos para nos devolver sanos e salvos
intactos distanciados de esa outra realidade idiotizadora

Nutrirse do humus da historia nunha continua osmose corporal e camiñar cos que son insolentemente
rebeldes, facer da literatura un método de coñecemento.

A luminosa sombra da árbore esposa do celeste que interroga este mar e esta terra, que interroga ao home,
a árbore eternamente verde.

A árbore na súa verticalidade insurxente como lugar onde o noso existir sucede e así sucede e das follas
caídas faise humus.
Cain as follas, os soños, os anos, e nun incesante amar a vida.
Como un deus da fertilidade, como un grande pai, a súa prosa nutricia acóllenos a todos. Como unha deusa
da abundancia que trae as estacións e otorga os froitos.
A árbore que estende as súas ponlas sobre esta terra que afunde as súas raíces no país onde a assembleia dos
deuses abos.
Acercámonos a el neófitos da palabra e somos iniciados na máis segreda, na palabra alada indecível, e os
froitos como a mapoula que quixera ser ave e botarse a voar
Tende lenzos de nevoeiro alí onde os ríos fenden os pequenos vales latexantes en azuis de azuis batidos

Tatuado de orballos habitou o país a aurora chora inconténível

A súa escrita que é revelación, que é profecía e canto.

A súa palabra auroral é na súa aurora revelación e é reveladora e profecía e canto do vento da árbore tocada da luz.

Con pupila luminosa midiu o fermoso intre fuxitivo do sol de inverno decorado en ouros antigos os nosos corpos.